

Algunhas consideracións sobre a posición do adxectivo nunha fala galega

Some considerations on the position of the adjective in a Galician speech

Aquilino Santiago ALONSO NÚÑEZ

Universidade de Vigo
Departamento de Filoloxía galega e latina

aalonso@uvigo.es

[Recibido, outubro 2010; aceptado, outubro 2010]

RESUMO

Este estudo, feito a partir dunha fala galega, presenta algunhas xeneralidades sobre a colocación na frase nominal das subclases de adxectivos. Conclúese que a anteposición do adxectivo en galego é un recurso que o falante ten para realizar un xuízo valorativo ou para destacar expresivamente un adxectivo

PALABRAS CHAVE: Galego, adxectivo, sintaxe do adxectivo, orde de palabras.

ALONSO NÚÑEZ, A. S., (2011): "Algunhas consideracións sobre a posición do adxectivo nunha fala galega". *Madrygal (Madr.)*, 14: 25-31.

RESUMEN

Este estudio, realizado a partir de un habla gallega, presenta algunas generalidades sobre la colocación en la frase nominal de las subclases de adjetivos. Se concluye que la anteposición del adjetivo en gallego es un recurso que el hablante tiene para realizar un juicio valorativo o para destacar expresivamente un adjetivo.

Palabras clave: Gallego, adjetivo, sintaxis del adjetivo, orden de palabras.

ALONSO NÚÑEZ, A. S., (2011): "Algunas consideraciones sobre la posición del adjetivo en un habla gallega". *Madrygal (Madr.)*, 14: 25-31.

ABSTRACT

This study, from Galician speech, has some general information on the placement of noun phrases in the sub-classes of adjectives. We conclude that the preemption of the adjective in Galician is a resource that the speaker has, in order to make a value judgment or to highlight an expressive adjective.

KEY WORDS: Galician, adjective, adjective syntax, word order.

ALONSO NÚÑEZ, A. S., (2011): "Some considerations on the position of the adjective in a Galician speech". *Madrygal (Madr.)*, 14: 25-31.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. A colocación do adxectivo e as subclases de adxectivos de Demonte. 2. 1. Os adxectivos adverbiais. 2. 2. Os adxectivos relacionais. 2. 3. Os adxectivos cualificativos. 2. 3. 1. Os subtipos de adxectivos cualificativos e a posición deles na frase nominal. 3. Algunhas xeneralidades sobre a posición dos adxectivos. 4. Algúns adxectivos cualificativos que poden ir antes ou despois do substantivo. 5. Cabo. 6. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

Neste artigo pretendo facer algunhas reflexións sobre a colocación do adxectivo na frase nominal. A reflexión levareina a cabo partindo das subclases de adxectivos consideradas por Demonte (1999: 129-215) para o castelán.

Este traballo baséase sobre a fala do concello de Castrelo do Val, a cal neste caso debe coincidir *grosso modo* co que ocorre no resto do galego ou, polo menos, no galego máis común. A colocación do adxectivo na frase nominal foi pouco estudada no galego. Para unha visión sucinta deste tema deben consultarse Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986: 76) e Álvarez e Xove (2002: 413-416).

A fala do concello de Castrelo do Val, que é a miña fala materna, funa estudando ó longo de varios anos tanto a través de enquisas e gravacións coma de anotacións de particularidades que fun oíndo dende finais da década de 1980.

A fala citada englobeina (Alonso Núñez 1995: 104 e 2006: 121) na *área oriental de transición do bloque central* de Fernández Rei (1990: 114). Esta caracterización baséase en dúas isoglosas morfolóxicas: o plural terminado en *-s* para as palabras do tipo *cas* e o uso do pronome persoal *el*. En traballos posteriores (Alonso Núñez 2008: 343-344 e 2010: 117) considerei que a fala do municipio de Castrelo do Val é un subtipo de verinés.

Verín é a cabeza dunha comarca situada na zona sur da provincia de Ourense lindante coa comarca portuguesa de Chaves (distrito de Vila Real, Portugal). A comarca verinesa actual abrangue os concellos de Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Monterrei, Cualedro, Oimbra e Verín. O concello de Castrelo do Val está composto por 16 lugares.

Entre as características da fala desta comarca destaquei: a ausencia de seseo e o diminutivo *-iñ-o* (*neniño*) como resultado de *-INU* latino. Estes dous trazos abeirán o galego verinés ó galego común ou da área maior.

Por outra parte, apuntei que o galego da comarca verinesa non sempre presenta as variantes do galego común. Isto é o que acontece con *cuatro* (*vid.* mapa 280 do ALGA II) e con *alustro* (*vid.* García González *s. v. lóstrego*). O emprego de *cuatro* e *alustro* no galego verinés mostra continuidade

de co portugués lindante trasmontano (*vid.* Dias e Tender *s. v. alustre* e *s. v. alustro*).

2. A COLOCACIÓN DO ADXECTIVO E AS SUBCLASES DE ADXECTIVOS DE DEMONTE

Demonte (1999: 129-215), sen deixar de recoñecer que son abundantes os casos de difícil adscrición, distingue tres clases de adxectivos segundo o seu significado intrínseco: cualificativos, relacionais e adverbiais¹.

2.1. OS ADXECTIVOS ADVERBIAIS

Reciben o nome de *adxectivos adverbiais* todas as formas adxectivas paralelas ós adxectivos cualificativos que non constitúen expresións asignadoras de propiedades. Estas formas chámanse así pola analogía que teñen con formas adverbiais: todas elas estarían representadas polo adverbio correspondente en *-mente* se a expresión en que aparecen fose oracional (ou clausal) en vez de nominal (*mirada fría-mirou friamente*). Estes adxectivos non admiten gradación nin poden entrar en construcións comparativas. Os adxectivos adverbiais van sempre antepostos ó substantivo (*é unha mera suposición*). Divídense estes elementos en dous tipos: os adxectivos adverbiais intensionais e os adxectivos adverbiais eventivos ou circunstanciais.

Os intensionais indican cómo se aplica o concepto a un determinado referente, modifican a intensión e non o obxecto designado polo substantivo. Así, mentres que a expresión *un pau grosso* alude a un pau, a expresión *o falso amigo* non fala dun amigo real ou referencial. O que se asevera en *o falso amigo* é que o significado ‘amigo’ non se aplica (ou é posible que non se aplique) ó obxecto mentado.

Os adxectivos eventivos refírense ós obxectos ou procesos en canto entidades que teñen lugar, e que, porque teñen lugar, acontecen no tempo, no espazo e dunha certa maneira. Se se di *os frecuentes paseos de Pedro* non se alude a un acontecemento particular, senón ó feito de que ese acontecemento de pasear se realiza cunha determinada

¹ En Álvarez e Xove (2002: 413-416), distínguense dous tipos de adxectivos: os relacionais e os atributivos (ou non relacionais).

periodicidade. As gramáticas non distinguen dúas formas distintas do adxectivo *largo* en un *pantalón largo* e en un *día largo*, senón que se considera que hai un uso básico (a dimensión física) e un uso translaticio (a duración temporal). Estes usos débense a que hai substantivos que nomean entidades como *día*, *noite*, *vacaciós*, *negocio*, *treboada* que se sitúan no espazo e no tempo, aínda que non sexan literalmente acontecementos. Ademais destes dobres usos sistemáticos dos adxectivos cualificativos como *largo*, *corto*, *grande*, etc., Demonte cre que hai adxectivos que teñen exclusivamente un uso adverbial tales como *frecuente*, *constante*, *completo*, *presunto*, *posible*, *mero*, *seguro*, *dubidoso*, *presumible*. Estes usos parécenme a min calcados da linguaxe culta. Tamén considera Demonte que os adxectivos adverbiais van antepostos cando teñen lectura intensional, pero ten que recoñecer que, en castelán, hai adxectivos como *constante* que poden ir antes (*constantes paseos*) ou despois (*paseos constantes*).

2.2. OS ADXECTIVOS RELACIONAIS

Os adxectivos cualificativos expresan unha única propiedade (*moza delgada*); en cambio, os adxectivos relacionais expresan varias propiedades (*vaca leiteira*). Así, en *vaca leiteira*, *leiteira* refírese a tódalas características que conxuntamente definen o substantivo *leite*. Hai, en consecuencia, dúas grandes clases de adxectivos: os que designan calidades en sentido estrito e os que indican propiedades que a entidade obxecto de modificación adxectiva posúe pola súa relación con algo externo a ela. Estes últimos son considerados como pseudoadxectivos ou casenominais debido a que, por un lado, non entran en construcións comparativas nin poden ser modificados por adverbios de grao e debido a que, por outro, non poden entrar en correlacións polares nin teñen antónimos.

Os adxectivos relacionais van sempre en posición posnominal (cf. *a vaca leiteira* / **a leiteira vaca*, *a zona industrial* / **a industrial zona*). Na lingua culta, cando os adxectivos relacionais se antepoñen ó substantivo recategorízanse como cualificativos. Así, en *o espectáculo teatral*, *teatral* significa ‘o que sucede no teatro’ mentres que, en *o meu teatral amigo*, *teatral* pasa a significar ‘afectado’, que é unha propiedade singularizada do conxunto de propiedades que definen a entidade *teatro* coa que se relaciona o adxectivo por ser un derivado dela.

Para Demonte, os adxectivos relacionais son sempre sufixais e derivan de nomes (*feira nacional*, *problema pulmonar*, *zona portuaria*, *ideas republicanas*, *desigualdades xeográficas*, *política informativa*, *ideoloxía marxista*, etc.). Na posición posnominal, os adxectivos relacionais recategorizables como cualificativos poden resultar ambiguos: *unha actuación teatral* pode significar ‘unha actuación no teatro’ ou ‘unha actuación esaxerada’.

2.3. OS ADXECTIVOS CUALIFICATIVOS

Os adxectivos cualificativos, que expresan unha única calidade, posúen un significado de grao e isto significa que poden levar adverbios de intensificación (*mui gordo*) e ademais poden constituír construcións comparativas (*é menos delgado ca min*) e construcións de medida e diversa forma (*mide dous metros de ancho*). Estes adxectivos participan en oposicións de polaridade: forman parte de pares adxectivos que representan os graos extremos dunha calidade ou característica: *bo / malo*; *vello / novo*; *claro / escuro*, etc. Agora ben, a polaridade non ten as mesmas características en tódolos pares adxectivos, nin tódolos adxectivos graduables son polares.

2.3.1. OS SUBTIPOS DE ADXECTIVOS CUALIFICATIVOS E A POSICIÓN DELES NA FRASE NOMINAL

Demonte reelabora a Dixon (1977) e establece sete subtipos de adxectivos cualificativos.

- a) Os adxectivos de dimensión (ou tamaño) que designan sobre todo as tres dimensións espaciais dos obxectos físicos. Pertencen a esta clase: *largo*, *corto*, *alto*, *baixo*, *ancho*, *estreito*, *fino*, *delgado*, *pequeno*, *grande*, *fondo*, *alargado*, etc. Estes adxectivos son subsectivos ou relativos por antonomasia (vid. *infra*). Na lingua falada, van en posición posnominal, pero *grande* cambia de significado e de forma na posición prenominal (*é un gran home* ‘é un bo home’).
- b) Os adxectivos de velocidade: *rápido*, *lento*. Na lingua coloquial, non se antepoñen ó substantivo.
- c) Os adxectivos de propiedade física. Inclúen os adxectivos que fan referencia a propiedade

des dos obxectos perceptibles mediante os sentidos. As propiedades son distintas da dimensión, da velocidade e da cor, xa que estas dan lugar a subclases específicas. Entre estas propiedades encontramos: a forma (*redondo, cuadrado*), o peso (*lixeiro, pesado*), a consistencia (*espeso*), o sabor (*dulce, amargo, picante, soso, agrio, acedo, ácido*²), a temperatura (*quente, frío, tépedo / tibio*), a sonoridade (*rouco, forte / fuerte, débil*). Na lingua coloquial, estes adxectivos non se colocan en posición prenominal.

- d) Os adxectivos de cor: *blanco, negro, amarelo, encarnado / rojo, gris, azul, verde, marrón*. No coloquio, van pospostos.
- e) Adxectivos de idade: *vello, novo*. A posición non marcada é a posposta (*o amigo vello, comprou unha casa nova*). O adxectivo *vello* tamén se pode antepor (*o vello amigo*). Para Demonte, neste caso, igual ca ocorre co adxectivo de dimensión *grande*, adquire un significado adverbial ó gardar relación coa intensión do termo *amigo* e non coa súa extensión.
- f) Os adxectivos de valoración ou avaliativos: *bo / malo, guapo / feo, bonito*, etc. A posición non marcada destes adxectivos é a posnominal (*é unha moza guapa*). Con todo, algúns destes adxectivos poden colocarse antes ou despois dos substantivos. Así, dise *un bo médico* e *un médico bo*, *un mal marido* e *un marido malo*.
- g) Os adxectivos de predisposicións humanas e aptitudes inclúen adxectivos primitivos e derivados que reflicten aptitudes intelectuais (*intelixente, tonto, listo*) ou emocionais (*cariñoso, amable*), paixóns e predisposicións humanas primordiais (*nervioso, celoso, alegre, triste, vago*), ou de relación con actividades e actitudes humanas esenciais (*traballador, comellán*). Estes adxecti-

vos cando non se aplican a seres animados úsanse de maneira figurada: en *cabeza tonta*, hai unha sinécdoque que consiste en atribuí-la propiedade ‘tonto’ a unha parte (*cabeza*) do todo (*persoa*).

3. ALGUNHAS XENERALIDADES SOBRE A POSICIÓN DOS ADXECTIVOS

Na lingua falada, non se dan as acumulacións de adxectivos da lingua literaria. Así a todo, son frecuentes as matizacións cos adxectivos de cor³ (*rubio claro, castaño escuro*). Tampouco aparecen tantos adxectivos prenominais coma na lingua escrita cuidada.

Nesta epígrafe, apuntarei algunhas xeneralidades con respecto á posición do adxectivo relacionándoa coas subclases de adxectivos.

Pódese dicir que a posición normal do adxectivo en galego é a posposición. Isto é o que pensan das linguas romances en xeral os autores que se dedican a estudar a orde de palabras e tamén é o que sosteñen sobre o galego Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986: 76). Moreno Cabrera (1991: 695) expón que as linguas romances, ó ter preposicións, levan os nomes antes dos adxectivos e os complementos do nome despois del. A toponimia tamén parece corroborar que a orde normal do galego é substantivo-adxectivo (*Valcobo, Valongo*⁴). Algunhas excepcións como *O Mal Paso*⁵ poden ser explicadas como casos de enfatización ou realce do adxectivo (véxase epígrafe 4), outras excepcións como *Bonaval* (‘val boa’) ou *Belvis* (‘boa vista’) deben ser formas da lingua culta introducidas por doutos⁶. Estes foron introducindo ó longo da historia adxectivos antepostos como imitación consciente da sintaxe latina. Esta ten a orde adxectivo-substantivo como orde máis normal para algúns autores como Urrutia Cárdenas e Álvarez Álvarez (1988: 83). Agora ben, para

² No galego do concello de Castro do Val, a palabra *ácido* ten un significado diferente da palabra patrimonial correspondente *acedo* (cf. *chicle ácido* e *caldo acedo*).

³ Concorro con Bosque (1989: 114-118) en postular que sintagmas ou frases do tipo *verde claro, verde escuro* e *rubio claro* foron sintagmas nucleados por un substantivo. Isto pode probarse con secuencias como *a saia verde claro, a saia verde escuro* e *a pestana rubio claro*. Agora ben, na actualidade, ó existiren expresións do tipo *a saia verde clara, a saia verde oscura* e *a pestana rubia clara*, os sintagmas *verde clara, verde oscura* e *rubia clara* transformáronse en sintagmas adxectivais. A evolución nalgúns casos continuou e deu lugar a un adxectivo composto (*as saias verdeclaras*). O elemento *verdeclaras* non se asentou de todo na fala do concello de Castro do Val. Nesta fala, úsanse máis as expresións *as saias verdes claras* e *as saias verde claro*.

⁴ Os dous son microtopónimos de Campobeceros, lugar do concello de Castro do Val.

⁵ É un microtopónimo de Campobeceros.

⁶ Esta información débolla ó profesor Gonzalo Navaza.

Pinkster (1995: 238-243), os adxectivos latinos seguen ó núcleo a menos que haxa factores pragmáticos, como a focalidade, que provoquen que os adxectivos precedan o seu núcleo. Para este autor, a colocación do adxectivo latino non depende de que sexa determinativo ou cualificativo.

Baños (2009: 702-704) concorda con Pinkster e, ademais, matiza que existen adxectivos latinos que adquiren un significado distinto segundo antecedan ou precedan ó seu núcleo substantivo.

Baños tamén considera que o estudo da posición dos adxectivos latinos propiamente ditos na frase nominal aínda non chegou a resultados concluíntes. Para este autor, moitos dos traballos realizados sobre a posición do adxectivo latino na frase nominal non distinguen entre a posición que ocupan os adxectivos propiamente ditos e os outros elementos denominados *adxectivos* (cuantificadores, demostrativos...). Así, por exemplo, Rubio (1982: 199-200), sen establecer distincións de ningún tipo entre os adxectivos, defende unha orde xeral adxectivo-substantivo para o latín.

Por outra parte, Comrie (1988: 127-151 e 304), quen se mostra moi cauteloso sobre o valor das investigacións sobre a orde do substantivo e o adxectivo, asevera que as linguas celtas son coherentemente núcleo-adxunto e que as linguas románicas se aproximan a iso. Para investiga-la colocación do adxectivo na frase nominal latina, coido que é moi interesante analiza-la estrutura dos compostos nominais latinos. Para esta última cuestión debe consultarse Oniga (1988). Deixo para outro traballo o estudo deste tema.

A anteposición é un procedemento que o emisor dunha mensaxe usa para resaltar unha calidade do substantivo⁷ (Hernanz e Brucart 1987: 179-183). Así, cando un poeta ou un escritor usa a construción *a verde herba*, que non se dá na lingua coloquial do concello de Castrelo do Val e do resto do galego, quere destaca-la calidade 'verde' que ten a herba. Agora ben, *verde* non é unha propiedade intrínseca de herba como ben saben os agricultores, xa que, se non hai auga, a herba pode non ser verde, xa que, se a herba dun prado non se sega, esa herba seca e non é verde, xa que, se a herba se sega, hai que deixala secar para empalleirala e metela na

palleira, onde toda a herba que hai non é verde ou, en todo caso, non é verde prototipicamente. Cando no mundo rural se fala de herba faise referencia, na maioría das veces, á herba seca que hai na palleira e non á verde verde que hai nos prados ben regados. Esta última herba tamén é denominada moi comunmente *outono*.

Resulta de proveito compara-los diferentes estados polos que pasa a herba cos diferentes estados polos que pasa o pan. Este, cando é verde, chámase *mes*. Cando esta maduro, chámase *pan* ou *centeno / centeo*. Cando se sega e se malla, recibe o nome de *palla*. Esta, desprovista de grans, gárdase nunha palleira ou axúntase nun palleiro.

Tradicionalmente, considérase que *verde* é un epíteto cando cualifica a *herba*⁸. Para Bello (1990: 44-45) o epíteto é un adxectivo explicativo, é dicir, un adxectivo que non restrinxe a referencia do substantivo. Nos parágrafos anteriores, demostrei con claridade que *verde* non é unha calidade intrínseca do substantivo herba e, en consecuencia, que non se pode falar de epíteto na expresión *a herba verde* (cf. con *a herba seca*). Outro exemplo de epíteto que se dá é o adxectivo *mansa* referido ó substantivo *ovella*. Bello (1990: 44-45) considera que toda ovella é naturalmente tímida e mansa. Agora ben, eu coido que non tódalas ovellas son mansas, xa que as ovellas que se ceiban no alleo non son mansas, senón bravas. Isto coñéceo perfectamente quen pastoreou algunha vez ovellas.

4. ALGÚNS ADXECTIVOS CUALIFICATIVOS QUE PODEN IR ANTES OU DESPOIS DO SUBSTANTIVO

A continuación vou analizar detidamente os usos pospostos e antepostos dalgúns adxectivos cualificativos que permiten tal alternancia. Sen ánimo de ser exhaustivo, analizarei os adxectivos *grande*, *vello*, *bo*, *malo* e *pobre*.

Grande é un adxectivo cualificativo dimensional que, cando vai posposto (*é un home grande*) é interpretado cun significado de tamaño ('é un home de tamaño maior có normal'), aínda que

⁷ Na tradición gramatical galega, a anteposición do adxectivo interpretouse de diferentes maneiras. Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986: 76) coidan que, en liñas xerais, o adxectivo anteposto expresa subxectividade e o posposto, obxectividade. Álvarez e Xove (2002: 413-416) consideran que, en xeral, a anteposición é explicativa, de modo que o adxectivo achega trazos inherentes ou xa coñecidos, que non dan información nova.

⁸ Álvarez e Xove (2002: 415) defenden que *verde* é epíteto de *herba*.

tamén se podería interpretar, nun uso figurado, como un adxectivo valorativo ('é un home de bo corazón') e non como un adxectivo que expresa calidades obxectivas. Cando *grande* se coloca en posición prenominal, adquire un significado avaliativo e incluso cambia de forma (*é un gran home* 'é un home bo, é un home de bo corazón'). O cambio de forma aparece en expresións estereotipadas como *son as contas do gran capitán*.

Vello é un adxectivo cualificativo de idade que, en posición posnominal, expresa unha calidade obxectiva (*un amigo vello* 'un amigo de idade'). Esta secuencia tamén pode interpretarse como se fose un adxectivo relativo ou subsectivo co valor de 'como amigo é vello' (Demonte 1999: 144-146). Cando *vello* vai anteposto (*un vello amigo*), enfatízase a calidade 'vello' focalizándoa e aplicándoa só en sentido relativo ('vello só como amigo e non necesariamente como persoa'). O falante expresa primeiro a calidade ('vello') e despois di a que se aplica (un amigo). O realce expresivo é tamén valorativo porque un amigo que o é dende hai tempo é un bo amigo, ou polo menos, non un amigo calquera.

Pobre é un adxectivo de difícil adscripción⁹. O adxectivo *pobre*, na posición posnominal, pode ter un significado obxectivo (*é un home pobre* 'é un home sen recursos económicos') e, en menor medida, valorativo se se aplica *pobre* a unha esfera intelectual, moral, etc. Na posición prenominal, a énfase que se lle dá ó adxectivo lévao a cristalizarse co significado avaliativo de 'desgrazado'.

Os adxectivos *bo* e *malo*, ó ser valorativos sempre, sono tamén en posición posnominal: *é un marido malo, é un médico bo*. Cando van antepostos, o falante enfatiza o adxectivo dislocado realzándoo expresivamente: *é un mal marido, é un bo médico*. Nestes últimos casos, insístese en que alguén é malo como marido e bo como médico. Nos casos anteriores, había ambigüidade entre, por unha banda, ser malo só como marido ou ser malo como marido e como persoa e entre, por outra banda, ser bo só como médico ou ser bo como médico e como persoa (vid. Demonte 1999: 144-146, quen denomina estes casos como *interpretación relativa* ou *subsectiva* e *interpretación absoluta* ou *intersectiva*). Por outra parte, obsérvase que o adxectivo *malo*, cando vai antes do nome, cambia de forma ó perder corpo fonético (*mal*).

5. CABO

En fino caso¹⁰, creo que a anteposición do adxectivo na fala do concello de Castrelo do Val e no galego en xeral é un recurso que o falante usa para emitir un xuízo avaliativo ou para realzar expresivamente un adxectivo. Este último pode chegar a lexicalizarse (*pobre*) e, incluso, a perder corpo fonético (*gran*). Así a todo, se con respecto ó latín considera Pinkster (1995: 238-243) que faltan investigacións sobre o asunto, con maior razón cabe pensar isto a propósito do galego.

⁹ O adxectivo *pobre* non aparece citado na clasificación de Demonte (1999: 129-215), pero si na clasificación de Moreno Cabrera (1991: 247). Este último inclúe *pobre* no grupo dos adxectivos que indican valor. Tanto Demonte como Moreno Cabrera parten de Dixon (1977) para establece-las súas clasificacións.

¹⁰ A expresión da miña fala materna *en fino caso* significa "en conclusión, en definitiva".

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGA II = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALONSO NÚÑEZ, A. S. (1995): "Notas sobre a fala de Campobecerros", en *Cadernos de Lingua* 11, pp. 103-127.
- (2006): "Topónimos compostos de Campobecerros", en *Cadernos de Lingua* 28, pp. 121-143.
- (2008): "La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)", en *Quaderni di Semantica* XXIX, pp. 2, 343-392.
- (2010): "Las consonantes gallegas y el rotacismo en un habla gallega". *Quaderni di Semantica* XXXI, 1, pp. 113-130.
- ÁLVAREZ, R., H. MONTEAGUDO E X. L. REGUEIRA (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ, R. E X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- BAÑOS, J. M. (2009): "Orden de palabras", en J. M. BAÑOS (coord.): *Sintaxis del latín clásico*. Madrid: Liceus.
- BELLO, A. (1990): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: EDAF.
- BOSQUE, I. (1989): *Las categorías gramaticales. Relaciones y diferencias*. Madrid: Síntesis.
- COMRIE, B. (1988): *Universales del lenguaje y tipología lingüística*. Madrid: Gredos.
- DEMONTÉ, V. (1999): "El adjetivo: clases y usos. La posición del adjetivo en el sintagma nominal", en I. BOSQUE e V. DEMONTÉ (dirs.): *Gramática descriptiva de la lengua española*. 3 vols. Madrid: Espasa, pp. 129-215.
- DIAS, A. E M. TENDER (2005): *Dicionário de trasmontanismos*. Chaves: Associação Rotary Club.
- DIXON, R. M. W. (1977): "Where Have All the Adjectives Gone?", en *Studies in Language* 1: 1, pp. 19-80.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- GARCÍA GONZÁLEZ, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela.
- HERNANZ, M. L. E J. M^a. BRUCART (1987): *La sintaxis I*. Barcelona: Crítica.
- MORENO CABRERA, J. C. (1991): *Curso Universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general*. Madrid: Síntesis.
- ONIGA, R. (1988): *I Composti Nominali Latini*. Bolonia: Patron.
- PINKSTER, H. (1995): *Sintaxis y semántica del latín*. Madrid: Ediciones Clásicas.
- RUBIO, L. (1982): *Introducción a la sintaxis estructural del latín*. Barcelona: Ariel.
- URRUTIA CÁRDENAS, H. E M. ÁLVAREZ ÁLVAREZ (1988): *Esquema de morfosintaxis histórica del español*. Bilbao: Universidad de Deusto.